



LISTA DE ASISTENTES

Campos Bastos, Celso
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.
 Gil Villanueva, José M^a
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Martínez Cobas, Xavier
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Pérez Castrillo, Lois
 Pita Grandal, Ana M^a
 Rabanal Carbajo, Pedro
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Tojo Suárez, José E.
 Troncoso Durán, Dolores
 Varasa Paredes, Javier
 Varela Lafuente, Manuel M.
 Vázquez López, Ezequiel M.

DESCULPAN ASISTENCIA:

Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 González Piñeiro, Luis
 Pousada Carballo, José M^a
 Rivó López, Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 14 de xullo de dous mil cinco, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e as 12:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 14 de xullo de 2005, ás 12:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do procedemento de selección de profesores contratados doutores para o curso 2005/06.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en Calidade de instalacións eléctricas industriais e Máster/especialista en prevención de riscos laborais.
5. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 13.3 da “Normativa de xestión académica”.
6. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
7. Autorización ao reitor para a aprobación de senllos expedientes de validación de gastos.
8. Aprobación, se procede, da creación na RPT dun posto base na Oficina de I+D.
9. Aprobación, se procede, da incorporación da Universidade de Vigo ao Padroado da Fundación Timor Leste.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Sociedade anónima de xestión do plan xacobeo e a Universidad internacional Menéndez Pelayo – Convenio marco de colaboración coa Pontificia Universidad Católica de Valparaíso, Chile – Convenio específico coa Universidad de los Andes (Chile).
11. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI e 1 membro do Consello Social).
12. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2005.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- De que aínda non recibiu os informes sobre o catálogo de títulos das outras tres subcomisións. Para o día 20 de xullo está convocada a primeira reunión da comisión nomeada polo goberno.

- Da próxima saída dun número importante de prazas a habilitación nacional. Na reunión da comisión académica do Consejo de coordinación universitaria de finais de xuño, o ministerio levou a proposta saída dunhas 600 prazas de CU e unhas 2000 de TU, os reitores pediron que se estudase a posibilidade de ampliar o número de prazas de TU e a finais do mes de xullo haberá outra reunión da comisión na que se decidirá o número definitivo.

Tendo en conta que o número de prazas a concurso vai ser importante, como reitor anima aos profesores a que se presenten e insta aos directores de centros e departamentos a que animen aos seus profesores para que aproveiten esta oportunidade.

- Da reforma da LOU sigue sen ter nada que informar.

- Da inauguración, o día 22 de xullo, do edificio da E.T.S. de Enxeñería de Minas e ampliación da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

- Da retirada do punto 9 da orde do día xa que non foi posible dispor a tempo do informe da asesoría xurídica por falta de documentación.

Punto 3.- Aprobación, se procede, do procedemento de selección de profesores contratados doutores para o curso 2005/06.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que para o curso 2005/06 van saír a concurso prazas de profesores contratados doutores, ben novas ou ben as que xorden da transitoria primeira do Regulamento de profesorado.

Por outra banda, segundo o artigo 16.3 do devandito regulamento o Consello de Goberno deberá regular estes concursos mediante unha normativa aprobada polo mesmo que deberá indicar a composición e características das comisións de selección así como as fases do concurso. Sinala que a proposta que se presenta foi aprobada por maioría pola COAP, despois de manter unha xuntanza con unha representación dos profesores contratados e nela recóllense moitas das suxestións feitas por este colectivo. Remata indicando algunhas modificacións de tipo técnico que melloran a redacción.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Ramos di que como membro da COAP manifestou algunha reticencia sobre a proposta presentada e máis concretamente en relación cos criterios xa que considera debería figurar a experiencia docente e investigadora na Universidade de Vigo para aquelas prazas que xorden da transformación contemplada na transitoria primeira do Regulamento de profesorado.

Ao igual que nas outras dúas universidades galegas, cre que deberíamos darlle un peso mínimo para a experiencia na nosa universidade.

O profesor Campos pregunta o que significa no primeiro parágrafo sobre a composición das comisións os termos: "...titulación..." e "...categoría e dedicación igual ou inferior..." e máis concretamente se un TE doutor podería formar parte da comisión.

A vicerreitora contesta que o termo "titulación" figura no decreto da Xunta e en relación coa "categoría" na COAP xa se falou de que habería que tratar ese tema no Consello de Goberno ou ben sacar unha resolución reitoral para aclarar exactamente as figuras que serían de "igual ou superior categoría".

O profesor Tojo cre que é no Consello de Goberno onde se debe decidir se por exemplo un TE doutor con sexenios ou ben un TE doutor acreditado como contratado doutor se considera de igual ou inferior categoría.

Despois dun breve debate sobre a composición e requisitos da comisión, así como sobre o baremo, no que interviñeron os profesores Dolores Troncoso, Ana Pita, Tojo, Remesal, a vicerreitora e o reitor, acadouse finalmente un acordo sobre eses temas.

A profesora Ana Gueimonde di que como representante dos contratados síntese satisfeita coa proposta.

O profesor Durany propón incluír nas bases da convocatoria as seguintes frases:

"A convocatoria especificará as actividades docentes e investigadoras que deberá realizar quen obteña a praza. A existencia destas especificacións non suporá, para quen obteña a praza, un dereito de vinculación exclusiva a esa actividade nin limitará a competencia da universidade para asignarlle outras obrigas docentes".

"O nomeamento especificará a denominación da praza e a área de coñecemento".

Finalmente o reitor propón aprobar a proposta por asentimento incluíndo as modificacións sinaladas.

Apróbase por asentimento o "Procedemento de selección de profesores contratados doutores para o curso 2005/06". (Anexo I)

Punto 4.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en Calidade de instalacións eléctricas industriais e Máster/especialista en prevención de riscos laborais.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente propón retirar o "Máster/especialista en prevención de riscos laborais" e traelo ao próximo Consello de Goberno xa que non chegaron as correccións que estaban pendentes.

En relación co curso de "Especialista en calidade e instalacións eléctricas" di que ten os informes pertinentes favorables.

Sométese a votación a aprobación deste curso.

Votos a favor	32
Votos en contra	0
Abstencións.....	1

Queda aprobado o curso de “Especialista en calidade e instalacións eléctricas”.

Punto 5.- Aprobación, se procede, da modificación do artigo 13.3 da “Normativa de xestión académica”.

A secretaria xeral informa de que se trata de incluír neste artigo o procedemento para a designación dos tribunais de 5ª, 6ª e 7ª que figuraba no antigo Regulamento de profesorado que xa non está en vigor unha vez que se aprobou o novo no derradeiro Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento. (Anexo II)

Punto 6.- Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

O xerente informa das seguintes transferencias de crédito que deben ser aprobadas polo Consello de Goberno segundo o establecido no artigo 4º das Normas de execución orzamentaria para o ano 2005:

1.- Desde a aplicación	CT08 122H 6410199 a C433 122P 64502	importe	1.286,58 €
	CT08 122H 6410105 a C433 122P 64502	importe	2.560,34 €
2.-Desde a aplicación	CT04 122H 6410199 a NATU 122P 64610	importe	5.000,00 €

Punto 7.- Autorización ao reitor para a aprobación de senllos expedientes de validación de gastos.

O xerente informa de que en cumprimento do artigo 26.3 do Regulamento de réxime económico da Universidade de Vigo trae esta proposta de autorización ao reitor para a convalidación de diversos gastos como consecuencia da execución de diversas obras na “Ampliación da Facultade de Ciencias” no campus de Vigo e en “Dereito e Empresariais de Ourense”.

Os importes son os seguintes:

403.99 (ampliación Facultade de Ciencias)	_____	770.257,46 €
405.97 (Dereito e Empresariais de Ourense)	1.135.325,62 €

Apróbase por asentimento.

Punto 8.- Aprobación, se procede, da creación na RPT dun posto base na Oficina de I+D.

Apróbase por asentimento a creación na RPT dun posto base na Oficina de I+D. (Anexo III)

Punto 9.- Aprobación, se procede, da incorporación da Universidade de Vigo ao Padroado da Fundación Timor Leste.

Retirado da orde do día.

Punto 10.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Sociedade anónima de xestión do plan xacobeo e a Universidad internacional Menéndez Pelayo – Convenio marco de colaboración coa Pontificia Universidad Católica de Valparaíso, Chile – Convenio específico coa Universidad de los Andes (Chile).

Apróbanse por asentimento.

Punto 11.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI e 1 membro do Consello Social).

Non hai candidatos.

Punto 12.- Rogos e preguntas.

O señor Fernández Saborido pregunta se desde a derradeira sesión do Consello de Campus de Ourense, se fixo algo en relación coa mellora do transporte en Ourense e máis concretamente en relación co tren.

O reitor di que se enviou unha carta pero non se sacou nada de Renfe, a universidade non ten capacidade de presionar a unha empresa para mellorar os seus servizos, o único que se pode facer é enviar de novo unha carta presionando un pouco máis.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:20 horas do día 14 de xullo de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe